

LECTURA

DÍA DA PAZ 2024

MAHAMA GANDHI foi un político Indio e é dos máximos símbolos universais da paz.

Co tempo volveuse unha gran inspiración mundial para os movementos non violentos polos dereitos civís e o cambio social, económico e político. Logrou conseguir a independencia de India no 1947 sen empregar a violencia nas súas protestas.

Unha das súas metas era abolir as castas, alcanzar a xustiza social e a concordia entre relixións. Animou ao pobo indio para rebelarse sen utilizar a violencia contra o Imperio Británico.

En honor a el o 30 de Xaneiro celébrase o Día escolar da Non Violencia e da Paz. Aínda que Gandhi logrou a independencia de India defendendo a non violencia, parece que hoxe en día todo iso se esqueceu. Na actualidade, podemos ver que hai moitos conflitos bélicos de gran violencia e cun importante uso de armas como o de Rusia e Ucraína, Siria, Gaza e outros que se verán reflectidos no mapa feito polas titorías.

Hoxe tamén é o día da non violencia escolar, por iso, debemos recordar que temos que respectarnos nas aulas e rexeitar a violencia, tanto física como psicolóxica. No noso día a día temos que favorecer a convivencia e o respecto entre nós fomentando o bo comportamento, a tolerancia e o compañeirismo. Ademais de tratar ben e en igualdade aos compañeiros e compañeiras, debemos dar aviso ao profesorado se nos damos conta de que alguén está sufrindo acoso escolar ou vemos unha situación de violencia entre compañeiros, xa que o silencio tamén nos fai culpables.

Recordade: para seguir o legado que deixou Gandhi debes ser o cambio que desexades ver no mundo e a PAZ é o camiño